

Cuarta xornada.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 28 Decembro 2011 21:44



Mentres *María José*, en silencio, fai reconto das súas impresións diarias, eu imítoa fixando as miñas nun estrafalario caderno. Xa hai un bo anaco que rematamos de cear pero, despois dun breve faladoiro, aínda seguimos confortablemente sentados á mesa, dándolle saída ás tarefas referidas, en tanto rematamos a botella dun *Ribera del Guadiana* crianza que elixiramos para acompañar as *migas* estremeñas, o segredo de ibérico ao allño e o queixo de cabra ao *pimentón de La Vera*. Pero..., sexamos ordenados.

O día amencera con aspecto triste, e a temperatura ambiente descendera notablemente respecto do anterior. Orballaba cando, despois de salvar unha pronunciada pendente, cruzamos a *Porta da Esquina* da histórica cidade de *Elvas*; eran as nove da mañá, hora local.

Elvas, como tantas outras poboacións de todo este territorio que nalgún momento da súa historia foi fronteira, está asentada nunha elevación do terreo e rodeada por unha robusta, complexa e extensa muralla, neste caso, barroca; arriba, sobresae o castelo medieval. E no centro xeométrico deste gran recinto ábrese a principal praza - a antiga e inclinada *Praça a Nova*

Cuarta xornada.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 28 Decembro 2011 21:44

- delimitada polo vello consistorio no lado máis baixo, a nacente, e a igrexa de *Nossa Senhora da Assunção* no de maior cota, a poñente. Hoxe, o edificio que no século XVI funcionaba como Casa do Concello non mantén o uso orixinal aínda que lle segue prestando a súa imaxe á praza e conserva un dos máis atractivos accesos a ela: o *Arco do Relógio* ; tampouco o templo manuelino, do arquitecto *Francisco de Arruda* , mantén a súa antiga condición de catedral. Detrás deste, no *Largo de Santa Clara* , de camiño ao castelo, tamén sen uso, conservase o maxestoso *pelourinho* do século XVI.

A praza, a esa hora da mañá e baixo a chuvia, apenas ten actividade: soamente un home barrigudo, de mediana idade, protexido baixo un gran paraugas de cor negra, camiña cara ao coche que, non sei cando, estacionara ante a fachada da que foi *Sé*, e dúas mulleres moi novas ás que, a xulgar polas súas roupas, non asusta a chuvia, a cruzan ao trote en dirección á oficina de turismo, chapuzando mentres falan e rin. Ao norte desta praza somnolenta estendeuse, entre os séculos VIII e XIII, un notable asentamento islámico, parte de cuxa morfoloxía urbana aínda é detectable.

A cidade está composta por un interminable amasillo de casas brancas, que parecen suxeitarse ao baleiro ao tempo que se apoian unhas sobre as outras nunha topografía imposible, segundo puidemos comprobar observándoa dende a zona de *Corujeira* cando regresabamos de visitar o bucólico

Cemitério

dos Ingleses

, quintana de mortos na que se rende homenaxe a cinco oficiais da citada nacionalidade caídos na batalla de

La Albueta

- unha das moitas que formaron parte da Guerra de Sucesión á Coroa española, no século XVIII, por medio da cal os Borbóns substitúen aos Austria -.

A chuvia non cedía. Todo o contrario, ao pasar por última vez baixo o *Aqueduto da Amoreira*, e n dirección xa a

Campo Maior,

máis ben parecía aumentar a súa intensidade. Nos arrabaldes, antes de afastarnos definitivamente, dende o coche volvíñ ver como se recortaba no horizonte a silueta do impresionante

Cuarta xornada.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 28 Decembro 2011 21:44

Forte da Graça

, do século XVIII, que xunto ao de

Santa Luzia

, do XVII, emprazado ao vento contrario da cidade, completaron a súa potente estrutura militar.

Tras un escaso cuarto de hora de lenta condución vexo, na distancia, o castelo de *Campo
Maior* coroa
ndo un pequeno outeiro. Achegámonos e estacionamos o coche nun lugar acondicionado para
a ocasión baixo o baluarte da muralla máis próximo á

Porta da Vila

. Provistos de paraugas, aínda que a chuvia remitira parcialmente, dispuxémonos a sortear
pozas e barro, entre o caos de coches aparcados, en dirección á porta referida. Estabámolo a
conseguir cando, a metade de percorrido, ao decatarse da nosa presenza, unha muller que, a
leguas detectábase, superara folgadamente o seu período fértil, empezou a vocear, rir e
xesticular ao mesmo tempo. Non se lle entendía nada; mais, pronto comprendemos: entre os
coches, outra da súa mesma quinta, nada preocupada ante a alta probabilidade de miradas
indiscretas, recollera meticulosamente a faldra ata a cintura coa intención de que o barro non
manchase a súa roupa de festa e, en crequenhas, mantendo as coxas ben separadas para non
se salpicar, aliviaba a vexiga mentres nos miraba de fronte. Para non interferir, decidimos non
saudar.

Traspasamos a porta e recíbenos un ceo multicolor; en realidade, o motivo que impediu o noso
descanso nocturno onte en *Elvas*. A *Rúa Direita* estaba teitada de
flores. Pronto comprobamos que ás adxacentes lles acontecía o mesmo. Vinte minutos máis
tarde, despois de pasear e conversar con algunhas xentes do lugar, sabiamos que esta
tradición festiva se estendía por toda a poboación, e que había tempo que viñan reclamando
para ela o recoñecemento de patrimonio da humanidade. A

Festa do Povo

é un traballo laborioso, de varios meses, que consiste en deseñar e confeccionar miles de
flores de papel - cada rúa encárgase das súas - as cales, engarzadas en cordeis ao longo e
ancho das vías e prazas, rematan por conformar un eventual, variado, e colorido teito. Estes
teitos temporais, ademais de ofrecer unha imaxe pintoresca, fan mudar as características do
espazo e anulan referencias visuais, o que, unido á alta cantidade de visitantes e ao baile de
paraugas imposto polo retorno da chuvia, rematou por converter o lugar nun autentico labirinto
borgiano

. Saímos del por onde puidemos, e o resultado foi unha camiñada de non menos de tres
quilómetros ata o coche. Cando chegamos chorreabamos; eu non tiña outro calzado.

Aínda así, puxémonos en marcha en dirección á *Herdade das Argamassas*, lugar no que se
empraza a *Adega*

Cuarta xornada.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 28 Decembro 2011 21:44

Mayor

verdadeiro motivo

do desprazamento ata o municipio. Esta adega de viño

alentejano

foi proxectada por

Álvaro Siza

, no dous mil tres,

en forma dunha gran caixa plana, semienterrada, branca e pechada, que gustosamente se deixa rodear por viñedos. Saquei un caderno da bolsa e tomei varios apuntamentos do exterior e interior; despois, visitámola na súa totalidade e catamos os seus produtos. Mentres o estabamos a facer, nun determinado momento, un empregado mozo que ata aí se mostrara informal e falanguero, de pé, poñendo xesto serio ao tempo que separaba lixeiramente as pernas e alzaba levemente a cabeza, buscando transmitir solemnidade, referiunos unha anécdota: o propietario da adega contactara, hai anos, por primeira vez con

Siza

para encargarlle o deseño duns

pocillos

de café. O arquitecto aceptou, e hoxe están comercializados. Un tempo despois, cando o señor

Nabeiro

xa tomara a decisión de crear

Adega

Mayor

, chamou de novo a

Siza

Vieira

quen

, en canto escoitou que pretendía facerlle un novo encargo, preguntou: ¿será máis pequeno que o anterior?

Cando saímos do edificio portabamos baixo o brazo unhas botellas de viño, algunha máis de vinagre, queixo en aceite e olivas; parara de chover. Metemos todo no maleteiro e arrancamnos ante a compracida mirada do mozo; antes de abandonar a finca aínda fixemos un alto no camiño para ver por última vez, agora sen chuvia, como se relaciona a obra coa contorna vexetal. Mirándoa, recordei os mobles, as lámpadas, os *pocillos* e o tapiz téxtil que *Siza* deseñou para o interior; tamén o bo viño tinto que acubilla.

Deixamos atrás a poboación que acolle o maior centro de torrefacción de café de toda Lusitania - tamén propiedade do citado bodegueiro - sen poder paseala a satisfacción e sen visitar a súa interesante igrexa de estilo

Cuarta xornada.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 28 Decembro 2011 21:44

chã

, e puxemos rumbo a

Badajoz

. De camiño, a un suspiro de abandonar a terra dos fillos de

Luso

, miro cara a atrás e caio na conta de que por esta vez non apareceu ningún lenzo de azulexo, que os houbo, coa forza suficiente para facerse acredor dun comentario. Tampouco nos topamos con ningún doce, e triste, e nostálxico

fado

que nos levar aos oídos, en directo, e dese xeito, a través del, poñer a proba o noso grao de predisposición contextual para a melancolía á calor dunha copa de viño. Ou dúas.

Xa estivera outras veces en *Badajoz*; coñecía as súas prazas Alta e de *San José*, a Fortaleza, a Torre de *Es*

pantaperros

, a Catedral, a Porta de Palmas, a ponte de igual nome e, ademais, tiña unha idea concreta do impersoal casarío que pobo a cidade - nada distinto, por outro lado, de tantas outras -, pero, aínda así, cruzamos o Guadiana e volvémonos atopar cos seus desmembrados baluartes barrocos, testemuñas pétreas dos desencontros ibéricos do XVII e XVIII. Dentro dun de eles, o de San Roque, localizamos o que estaba a buscar: o Pazo de Congressos, dos arquitectos

José Selgas

e

Lucía Cano

.
Puiden ver moito menos do que desexaba, pero o pouco que vin fíxome reflexionar acerca da idoneidade material das peles en arquitectura e o xeito máis correcto de tecelas.

A temperatura pegara unha suba de consideración a esa hora da tarde e cumprindo o programa, agora si, decidimos poñernos en ruta. O noso obxectivo era *Plasencia*, única poboación extremeña

de certa entidade na que aínda non estivemos, e

La Vera

; pero antes aínda fariamos algunha parada. Mentres seguíamos en ruta observaba como desfilaban, a ambos os dous lados da estrada, decenas de quilómetros de campo cor palla, sen practicamente vexetación nesta época do ano, e lembraba analoxías e diferenzas coa paisaxe deixada atrás. Tamén rememoraba a xénese de toda esta franxa de terras da península Ibérica pola que estamos a viaxar:

Extremadura

, segundo diversos autores, é un termo procedente da palabra

extremo

e do sufixo latino

tura

Cuarta xornada.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 28 Decembro 2011 21:44

, que os distintos reinos cristiáns peninsulares aplicaban aos seus territorios confíns ou, o que é o mesmo, ás fronteiras co

al-Ándalus

. As estremas duras, distintas segundo os reinos e variables no tempo, acabaron por diluírse totalmente tras a conquista do reino

nazarí

de

Granada

en mil catrocentos noventa e dous pero, por razóns históricas nas que aquí non vou entrar, este termo xenérico da fronteira do antigo reino de León rematou por constituírse, no século XIV, en nome propio da Comunidade que agora así coñecemos dentro do Estado español.

Similar razoamento debe aplicárselle á antiga rexión que, co nome de

Estremadura

, abrangue o actual distrito de

Lisboa,

en torno ao esteiro do

Tajo

. Por outra banda, tamén o

Alentejo

, terras situadas entre ambos os dous territorios referidos, de características parcialmente compartidas coas

extremeñas

, foi a última fronteira co

Algarve

, termo que provén de

al-Gharb,

ou, mudando o idioma

, *ao Oeste*

(de

al-Ándalus

). Estando nestas e case sen decatarme, entramos en

Cáceres

.

Unha vez resoltos os problemas de intendencia, e despois de estacionar o coche convenientemente, atravesamos o Paseo de Cánovas, pasamos ante o Gran Teatro, e, pola pendente de San Pedro, baixamos ata a Praza Maior para, dende esta, introducirmos no casco histórico. Percorremos as súas tortuosas e xa coñecidas rúas contemplando, algo distraidamente, as vellas pedras que as caracterizan e fan o propio con prazas, pazos civís, edificios relixiosos, casarío chairó e demais conformantes da cidade. En realidade, esta vez non eran estas vellas e belas pedras as que excitaban a nosa curiosidade: buscabamos a recente e polémica intervención de

Luís M.

Mansilla

seu socio,

e o

Cuarta xornada.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 28 Decembro 2011 21:44

Emilio Tuñón

, sobre un edificio preexistente para situar nel o Hotel

Relais Château

e

Restaurante Atrio

. Atopámolo na praza de

San Mateo

. Os arquitectos consolidaron os antigos muros pétreos e abriron neles os ocos necesarios para abastecer de luz o novo programa. Estes ocos, na súa dimensión e forma, evocan os das edificacións veciñas, e a altura xeral da peza arquitectónica respecta escrupulosamente a dominante na zona. O interior, resolto ao redor dun patio aberto e dun xardín ao aire libre, é un exercicio de contemporaneidade oculto a ollos indiscretos.

Tras satisfacer parcialmente a curiosidade e en tanto non apertaba a fame, decidimos tomar unhas cervexas sentados nunha terraza da, agora, sosegada e peonil Praza Maior; por certo, espazo este urbanizado recentemente con dubidoso acerto segundo o meu subxectivo criterio. Mentres consumiamos as cervexas, contemplabamos quen pasaba: comprobei con desacougo a enorme cantidade de persoas que actualmente buscan compañía nun can.